

## A C T A

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**29 de abril de 2022**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e doce minutos do día vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Bo día a todas e a todos. Antes de comezar cos asuntos que imos a tratar hoxe e ainda que non é obrigado o uso da mascarilla, eu pregaría que no Pleno a usáramos porque certamente é verdade que xa non hai obriga-



pero tamén é certo que sigue habendo contaxios e, e bueno, vamos a evitar, ¿non?, poñernos malas e malos si é posible, pero non é obrigado, jeh!, polo tanto é simplemente unha recomendación, ¿vale?. Antes de comenzar coa orde do día deste Pleno ordinario de 29 de abril de 2022, unha vez que xa se levantaron todas as restricións que tiñamos por mor da pandemia voltamos a ... que diferentes colectivos cumprindo co que aparece establecido no noso Regulamento poidan vir a expoñer aqueles temas que, repito, cumplen coas normas do noso Regulamento. Teñen solicitado poder intervir neste Pleno os Montes veciñais en man común, e polo tanto imos a darlle a palabra o Don Xosé Alfredo Pereira Martínez, que solicitou polos procedementos regulados poder intervir neste Pleno para expoñer a situación que está a vivir estes montes en man común, polo tanto vaise achegar para poder facer esa intervención. Recordarlle que ten 5 minutos, somos flexibles, pero entorno a cinco minutos. Ten a palabra Don Xosé Alfredo Pereira.

*Nestes intres intervén Don Xosé Alfredo Pereira Martínez.*

Sra. Presidenta.- Moitas gracias. ... E pasamos xa á orde do día do Pleno ordinario de 29 de abril de 2022.

#### 1.7780.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- No primeiro punto da orde do día. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2022. ¿Hai algunha observación? Pois, a aprobamos por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2022.

##### a) Parte resolutiva:

#### 2.7781.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2022025822-2021053554)**



Sra. Presidenta.- Pasando a parte resolutiva da orde do día. No punto 2. Aprobación do expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación. Ten para a súa, a palabra para a súa explicación o Sr. Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Si, bos días. Un novo paso na apostila da Deputación pola seguridade viaria no modelo de mobilidade integral, é a primeira vez na historia que a Diputación de Pontevedra, na que se aproba un convenio marco para o subministro de cunetas tendidas. É un elemento de seguridade viaria que se incorporou ás actuacións nas estradas provinciais durante o pasado mandato con magníficos resultados e con gran acollida por parte dos concellos, da veciñanza que reside a carón das estradas provinciais e por tanto das persoas que a utilizan. O convenio marco ten unha duración de un ano prorrogable por outros 3 ata un máximo de 4 anos, o investimento previsto cada ano é de 1.999.329,52 euros, case dous millóns de euros, e polo tanto, bueno, se dá a importancia que merece este elemento de seguridade isto garántenos un subministro continuo a un prezo pactado o que facilita a execución e abarata costes. Tecnicamente falamos de obras de conservación áinda que sen dúbida algunha a instalación de cunetas tendidas é unha obra que transforma as estradas provinciais e reforza a seguridade, ¿non?. Cómpre remarcar que na instalación sempre, que se instala sempre xunto con elementos de redución de velocidade para garantir a seguridade das persoas que camiñan no ámbito da estrada municipal. As cunetas transitables neste caso teñen un ancho que oscila entre un metro ou dous metros en función do espazo disponible ó marxe da estrada e como xa se sabe son unha solución que empregamos alá onde é imposible gañar sobre anchos, ben pola configuración orográfica, ben pola presencia de vivendas nas beiras ou por calquera outra circunstancia. O convenio marco, ó igual que o de conservacións, se divide, divide a provincia en tres zonas: a norte, a centro e a sur, e polo tanto o convenio tamén esta distribuído en tres lotes que se corresponden con cada unha de estas zonas. O primeiro lote por un importe de 665.000 euros, representan ó redor, estas son medias, porque en función das circunstancias o custe varía de ó redor de 5.150 metros lineais de cuneta. No tramo dous, na zona dous, estamos a falar dunha inversión de 738.000 euros, que configura algo así como 5.766 metros lineais e no terceiro tramo, na terceira zona 595.975 euros, que configuran ó redor de 4.560 metros lineais. Polo tanto, estamos a facer de, a falar dunha inversión importante na mellora da seguridade viaria e conseguindo pois este



acordo marco nos vai a permitir prezos taxados, prezos controlados e unha execución moito mais áxil e moito más axeitada. Gracias.

Sra. Presidenta.- Moitas gracias Sr. Gregorio Agís. Decirlles que si cando queren intervir queren quitar a mascarilla o fagan sobre todo á xente que ten gafas porque estaba vendo como sufría o Sr. Gregorio Agís porque se lle empañaban as gafas, así que cando interveñan teñan ou non gafas poden quitar a mascarilla que é moito más fácil, ademais de estar permitido. Bueno, pois se non hai intervencións sobre este punto o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Resultando.- De acordo co disposto na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, correspondelle á Deputación de Pontevedra as labores de construcción e explotación das estradas provinciais. Dentro destas, ten especial relevancia promover a seguridade viaria mediante a implantación de cunetas de seguridade nas marxes da rede provincial, cunetas que, posibilitan estradas más amables para peóns e ciclistas.

Resultando.- Que as actuacións deste “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra” teñen como ámbito de actuación os más de 1.650 km. da rede provincial e céntrase na mellora da seguridade viaria mediante a execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que en xullo de 2021 o xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández, e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, Daniel Romay Díaz, redactaron o prego de prescripcións técnicas con código CSV: SCCBPIXTO0S8JBGU no que se definen os traballos a realizar e establecer as condicións que han de rexer o contrato “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibiu no Servizo de Contratación informe do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, ó que se xunta o citado prego de prescripcións técnicas, solicitando se inicien os trámites para a



conclusión do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número 202200060392 por importe de 665.125,49 € para o lote 1 (Zona Norte), RC núm. 202200060393 por importe de 738.228,55 € para o lote 2 (Zona Centro) e RC núm. 202200060394 por importe de 595.975,48 € para o lote 3 (Zona Sur). Os contratos derivados do acordo marco serán financiados, no exercicio 2022, con cargo á aplicación 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito adecuado e suficiente para fazer fronte a este gasto (total 3 lotes 1.999.329,52 €).

Resultando.- Que a contía total das obras que se vaian realizar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Deputación.

Resultando.- Que os proxectos de obras que se vaian a aprobar, estarán formados pola memoria valorada presentada para a realización de cada obra, ás que se lle asignará un código CSV, máis o prego de prescricións técnicas aprobado co expediente, que tamén terá asignado un CSV.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto.

Resultando.- Que constan no expediente o preceptivo informe emitido polo Vicesecretario da Deputación, cunha serie de observacións subsanadas e aclaradas en informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con (CSV) TVZYSUQL88HQUUCQ.

Resultando.- Que consta no expediente o informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: *“Debería xustificarse a duración do Acordo marco de acordo co recollido no artigo 219.2 da LCSP así como nas Instruccións de Contratación. Os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracions ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (art. 68.3 do RXLCAP), coma o prazo de execución e prórrogas (páxinas 4 e 84 PPT-páx. 2 do estudio de seguridade e saúde). Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia,*



*prevalecerá o recollido no PCAP. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllese varios criterios avaliables mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedimento establecidas nas Seccións 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup>, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

**1.** Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación de 1.999.329,52 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

LOTES	IMPORTE (SEN IVE)	IVE (21%)	OBL
LOTE 1 (ZONA NORTE)	549.690,49 €	115.435,00 €	665.125,49 €
LOTE 2 (ZONA CENTRO)	610.106,24 €	128.122,31 €	738.228,55 €
LOTE 3 (ZONA SUR)	492.541,72 €	103.433,76 €	595.975,48 €
TOTAL	1.652.338,45 €	346.991,07 €	1.999.329,52 €

Dito orzamento, tanto a cantidade total como cantidade de cada lote, establécese a efectos informativos xa que a contía total das actuacións que se vaian a prestar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades de cunetas de seguridade que estableza o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais en cada unha das zonas que corresponden a cada lote.

**2.** Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): NGL69ZRKA8S1V9E5, e de prescripcións técnicas con código (CSV): SCCBPIXTO0S8JBGU, que rexerán neste procedemento.

**3.** Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte



ó transcurso do seguiente prazo: 30 días naturais dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

3.7782.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2022 (EXPTES. 2022025286-2022016173)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao punto 3. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2022. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Buenos días a todas y a todos. Traemos aquí a aprobación el segundo expediente de modificación de crédito. Es un modificado que asciende a 1,5 millones de euros y que incorpora también un expediente de crédito extraordinario de 800.000 euros, estos destinados a las aportaciones provinciales, a proyectos que han obtenido ayudas europeas en el plan del marco, en el plan de recuperación del Gobierno de España. Una vez más damos respuesta rápida, damos respuesta rápida a los proyectos que han sido aprobados y decir que prácticamente a todos los que hemos accedido han sido conseguidos. En este caso se financian tres proyectos. El primero es "Commerce Inside", trátase de un proyecto muy importante con un importe global de 1.100.000 euros, de los que recibimos el 70%. Tiene como objetivo impulsar la transformación digital y la mejora del impacto de la actividad comercial en el medio ambiente. Se trata del turismo del binomio, turismo y comercio con la intención de mejorar la actividad turística a través del comercio contribuyendo a generar ocupación. Este favorecerá el desarrollo y la consolidación de negocios del sector del comercio y afecta, tiene como destino, once concellos de nuestra provincia. El segundo proyecto es en el caso de "Da túa man", se trata de un proyecto con un importe global de 1.066.000 euros también recibimos el 70%, y va destinado a propiciar los cambios necesarios para la reactivación del comercio de mano, el comercio de proximidad, tanto en comerciantes como de cara a las nuevas tendencias del mercado como de la propia ciudadanía de cada concejo. También aquí está destinado a once concellos de nuestra provincia. En relación con el proyecto Depoforest es gestión integral y aprovechamiento de piñerales y se trata de una convocatoria de subvenciones de Fundación de la Biodiversidad FSP en régimen de concurrencia competitiva para la creación de empleo a través de proyectos de formación en el marco del Programa Emplea Verde con un presupuesto, un orzamento total de 102.000 euros, recibimos el 90% y por tanto tenemos que aportar el 10% que es en torno a 10.000 euros. En este caso va



destinado a cinco concellos y su objetivo general es hacer frente al reto demográfico y a la despoblación territorial creando empleo verde en el medio rural. Es importante decir que esta partida se detrae de una partida creada en nuestro presupuesto del año 22 para precisamente tener recursos suficientes para asumir esta participación provincial en los proyectos en los que nos presentamos a fondos europeos. Añadido a estos tres planes que he citado, en estos créditos extraordinarios se incorpora también sólo un cambio de destino para la colaboración con la Fundación Roberto Rivas, que básicamente de lo que se trata es de la promoción de iniciativas emprendedoras en el desarrollo sostenible del rural de forma específica en la comarca del Deza. Esto también se detrae del convenio con la EOI. En cuanto al suplemento de crédito que es por un importe de 1,5 cinco millones, como decía corresponde exclusivamente al incremento del suministro de energía eléctrica de todas las dependencias provinciales, esta cantidad de 1,5 cinco millones de euros se va a financiar con parte de los mayores ingresos correspondientes a las mayores achegas de fondo complementario de financiación derivadas del ejercicio 2017. Es evidente que la subida que estamos teniendo supone un esfuerzo extraordinario no sólo para esta administración sino también para todas las entidades locales de esta provincia. Evidentemente, quiero aprovechar este debate para volver a reclamar a la Xunta que dedique unos mayores ingresos que percibe en este año 2022 para acudir en auxilio y en ayuda de pequeños y medianos concellos de nuestra provincia. Para finalizar, indicarles que este expediente de modificación de crédito recoge en el informe de Intervención que cumple todos los requisitos de la normativa. Por lo tanto, estamos ante una modificación que de lo que trata es de la promoción turística en nuestra provincia, de impulsar la transformación digital e impacto de la actividad comercial, de fomentar el emprendimiento en el rural y de financiar proyectos relacionados con los ecosistemas terrestres. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non hai más intervencións, someto a votación tamén esta aprobación inicial do expediente de modificación de créditos. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencions? Queda aprobado por 16 votos a favor ¿están todos, non? 11 abstencions, perdón.

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/21), por



importe de 799.083,25 euros e suplementos de créditos (SUP.02/21), por importe de 1.529.970,87 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivada pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose: por unha parte os suplementos de créditos (SUP.02/21) con maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás “maiores achegas” do Fondo complementario de financiación, liquidación exercicios cerrados (maiores achegas SII IVE 2017, “compensación por reforma IAE 2017”, DA 86<sup>a</sup> Lei 22/2021), por importe de 1.529.970,87 euros; e os créditos extraordinarios (EXT.02/21) finánciase con “baixas por anulación” das aplicacións: 22/942-9420-762.99, pola cantidade de 789.083,25 euros, e da aplicación 22/942-4330-226.06, por importe de 10.000,00 euros.

Resultando que o Servizo de Intervención emite informe de data 19 de abril de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto á competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2022 da Deputación de Pontevedra por importe de 1.529.970,87 euros. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/22), por importe de 799.083,25 euros, suplementos de créditos (SUP.02/22) por importe de 1.529.970,87 euros, e



baixas por anulación que financian os créditos extraordinarios por importe de 799.083,25 euros . O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

### **1. Créditos Extraordinarios “EXT. 02/22”:**

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4314-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	21.599,94 €
240-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	71.999,81 €
240-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	26.346,53 €
240-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22).	64.799,83 €
240-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.: 92210002 DA TÚA MAN 22).	199.044,49 €
433-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	64.799,83 €
433-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	8.909,98 €
433-4314-626,01	EQUIPOS PROCESO DE INFORMACION, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	48.599,87 €
433-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	48.599,87 €
22/433-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22).	224.136,45 €
410-4191.227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS _M. AMBIENTE (PROX. 2200001 DEPOFOREST).	10.246,65 €
942-4330-481,02	PREMIOS EMPRENDEMENTO_ COOPERACIÓN.	10.000,00 €
	<b>Total Créditos Extraordinarios...</b>	<b>799.083,25 €</b>

### **Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 02/22:**

O expediente finánciase con baixas por anulación: os proxectos: 92210002 DA TÚA MAN 22; 92210001 - COMMERCE INSIDE\_22 e 2200001 DEPOFORRES, con baixas da aplicación 22/942-9420-762.99 e os importes correspondentes aos “PREMIOS EMPRENDEMENTO\_ COOPERACIÓN”, con baixas da aplicación 22/942-4330-226.06.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
------------	--------------	---------



942-4330-226.06	REUNIÓNS, CONFERENCIAS E CURSOS (CONVENIO MILLENIALS + GASTOS AEDL LALÍN) -COOPERACIÓN	-10.000,00 €
942-9420-762.99	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS _ COOPERACIÓN	-789.083,25 €
	Total Baixas por Anulacións...	-799.083,25 €

## 2. Suplemento de Crédito “SUP. 02/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, <u>C.P.FELIPE</u>	144.232,04 €
324-3243-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <u>ESCOLA DE CANTEIROS</u>	51.000,00 €
333-3330-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA – <u>MUSEO PROVINCIAL</u>	693.150,00 €
410-4120-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, MOURISCADE <u>M. AMBIENTE</u>	93.000,00 €
413-4123-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <u>E. F. AREEIRO</u>	68.500,00 €
456-4530-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <u>INFRAESTRUTURAS</u> –	23.590,00 €
923-1623-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, REVITALIZA – <u>ASISTENCIA INTERMUNICIPAL</u>	2.300,00 €
932-9320-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA <u>ORAL</u>	58.185,00 €
942-4330-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, VIVEIROS – <u>COOPERACIÓN</u>	10.436,00 €
232-2312-221,03	SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES E CARBURANTES <u>C.P.FELIPE</u> (Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR)	185.004,69 €
232-2312-213,00	REPARACIÓNS M. CONSERVACIÓN, MAQUINARIA INST. E UTILLAXE <u>C.P.FELIPE</u> (Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR)	1.763,84 €
232-2312-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS <u>C.P.FELIPE</u> (Actualización proxectos: CEIP Daría García González 50.645,31€; Substitución de celosías carpinterías de aluminio escaleiras edificios do CPF 20.567,23€; Escaleiras de emergencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar 53.859,44€; Baños no CEIP Daría García González 39.737,32€; Sala lúdica con xogos infantís adaptados a persoas con diversidade funcional 34.000,00€)	198.809,30 €
	Total Suplementos de Créditos...	1.529.970,87 €

## Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/21:

O expediente fináciase con parte dos maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás maiores achegas do Fondo complementario de financiación, liquidación exercicios cerrados (maiores achegas SII IVE 2017, "compensación por reforma IAE 2017", DA 86ª Lei 22/2021).



## Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,11	P.T.E., Fondo complementario de financiación, liquidación exercicios cerrados (maiores achegas IVE 2017, "compensación por reforma I.A.E. 2017", D.A. 86ª Lei 22/2021")	1.529.970,87 €

### Resumo do expediente:

<b>TOTAL SUPLEMENTOS...</b>	1.529.970,87 €
<b>TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...</b>	799.083,25 €
<b>TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...</b>	-799.083,25 €
<b>SUMA...</b>	<b>1.529.970,87 €</b>

### O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 4º Transferencias correntes.	1.529.970,87 €
<b>INGRESOS NON FINANCIEROS...</b>	<b>1.529.970,87 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<b>INGRESOS FINANCIEROS...</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...</b>	<b>1.529.970,87 €</b>

#### ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	224.136,45 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	1.525.064,31 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	10.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	559.853,36 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	-789.083,25 €
<b>GATOS NON FINANCIEROS...</b>	<b>1.529.970,87 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<b>GATOS FINANCIEROS...</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...</b>	<b>1.529.970,87 €</b>

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 02/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/22), por importe de 799.083,25 euros e suplementos de créditos (SUP. 02/22) por importe de 1.529.970,87 euros,



exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudiados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

4.7783.- **APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE E  
POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MEAÑO  
DE DOUS TREITOS DA EP-9303 MEAÑO-DENA, DO PQ  
0+000 AO 0+270 E DO PQ 2+850 AO 3+031 (EXPTE.  
2022005423)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 4 da orde do día. Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Meaño de dous treitos da EP-9303 Meaño-Dena. ¿Algunha observación? Pois someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes.

1. A estrada provincial EP-9303 Meaño–Dena, de 3.031 metros de lonxitude total, forma parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo integralmente polo termo municipal de Meaño.
2. Solicitud de transferencia de dous treitos da estrada provincial EP-9303 Meaño–Dena, presentada polo Concello de Meaño o día 3 de febreiro de 2022 a través do Rexistro da Sede Electrónica co número WEB2022004041:
  - Treito I, comprendido entre o PQ 0+000 e 0+280.
  - Treito II, comprendido entre o PQ 2+850 e 3+031.
3. Informes dos servizos técnicos de data 25 de febreiro de 2022 relativos á



solicitud de transferencia e sobre o valor patrimonial dos treitos obxecto desta, facendo constar que os treitos que se solicitan son os dous estremeiros, o de inicio e o do fin, polo que para o primeiro a solicitude refírese aos primeiros 270 metros, do PQ 0+000 ao 0+270, e para o segundo refírese aos últimos 171 metros, dende o PQ 2+860 ao 3+031.

Consideracións legais e técnicas:

1<sup>a</sup> Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se Regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2<sup>a</sup> Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao Concello informouse favorablemente polos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 25 de febreiro de 2022. No informe sinálase:

*“...Os treitos que se solicitan son os dous estremeiros, o de inicio e o do fin, para o primeiro, a solicitude refírese aos primeiros 270 metros, do PQ 0+000 ao 0+270. E o segundo refírese aos últimos 171 metros, dende o PQ 2+860 ao 3+031...”*

*“...O treito inicial, do PQ 0+000 ao 0+270, discorre nos seus primeiros 200 metros por solo urbano, sendo lindeiro coa Casa Consistorial de Meaño e o espazo público para as festas e feiras do Concello, este treito, ademais de dobre sentido de circulación, conta con dobre banda de aparcamento en liña e dobre beirarrúa, ao final deste treito solicitado sitúase a Igrexa de San Xoán de Meaño.*

*O treito final, do PQ 2+860 ao 3+031, no núcleo de Dena, tamén de tipoloxía e clasificación urbana, conta con beirarrúas nas ambas marxes, banda lateral de aparcamento así como locais comerciais en planta baixa na zona máis urbana.*



*Polo tanto, estes treitos teñen unhas características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario urbano municipal, servindo de acceso ás edificacións e aos predios colindantes.*

*O Concello de Meaño, dada conta do seu entorno urbano, ten previsto nestes dous treitos implantar medidas de mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil, mantendo, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.*

*Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Meaño poderá garantir un mellor mantenemento e explotación destes treitos de carácter e funcionalidade urbana e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación destes treitos á súa realidade urbana, así como para levar un control máis directo sobre os mesmos para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.*

Trámítase a proposta de aprobación da transferencia dos treitos sinalados polos servicios técnicos provinciais e, posterior entrega ao Concello de Meaño, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 25 de febreiro de 2022 , o valor patrimonial dos treitos obxecto do cambio de titularidade é de un millón cento setenta e nove mil trescentos setenta e cinco euros (1.179.375,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.



Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita Lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

O artigo 33. 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precisase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuita de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspónelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuita a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño de dous treitos da estrada EP-9303 Meaño–Dena, do PQ 0+000 ao 0+270 e do PQ 2+850 ao 3+031.

Os devanditos treitos da estrada incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Meaño tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.



Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

5.7784.- **APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE E  
POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE BUEU DE  
DOUS TREITOS DA EP-1301 ALTO DA PORTELA-  
BELUSO DO PQ 0+960 AO 1+440 E DO PQ 4+030 AO  
4+134 (EXpte. 2022009409)**

Sra. Presidenta.- No punto 5. Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Bueu de dous treitos da estrada provincial 1301 Alto da Portela-Beluso ¿Hai algunha observación? Pois o someto a votación. ¿Votos a favor? ¿Abstención?, ¿en contra?, ¿abstencions? Abstención. Queda aprobado por 16 votos a favor e 11 abstencions.

Antecedentes.

Sr. Maril Pardo.- Moi bos días Presidenta, moi bos días a todas e a todos. Hoxe traemos unha moción, pois, instada polos veciños de Silleda, polos veciños que viven ó carón da rúa da estrada EP-7201, unha reclamación que levan durante varios anos, pois, xa trasladando ó goberno municipal i entendemos que o goberno municipal a esta Diputación, i entendemos que é unha moción lexítima sobre todo porque unha das prioridades desta Diputación debe ser garantir a seguridade nos viais provinciais, i esa seguridade non é soa a seguridade dos vehículos senón tamén dos peóns e dos veciños que circulan ó carón destas estradas camiñando, pois para intentar chegar ó centro da cidade como neste caso que se encontra pois moi preto. Como decimos esta actuación que propoñemos hoxe suporía tamén mellorar a mobilidade sustentable no noso concello xa que esto permitiría que os veciños poideran achegarse pois tanto ó Centro de Saúde, que se encontra a pouco menos de quinientos metros, ou o Instituto que se encontra pouco menos de trescentos, e tamén pois a dúas cooperativas que se encontran instaladas nesta zona i que dispoñen pois de tendas de alimentación e de outros tipos de útiles pois que realmente agora mesmo lle resulta totalmente imposible xa que non hai ningún tipo de beirarrúa nin de marxe pola calzada que se poda utilizar para poder transitar por ela. Á parte a actuación que traemos hoxe a este plenario é unha actuación especialmente axeitada sobre todo si temos en conta as condicións deste vial, tanto pola súa alta densidade de tráfico, xa que conecta a lo menos cinco parroquias do noso concello, ca cabeceira deste Concello de Silleda, i tamén porque á parte é o vial de conexión con vilas doutros concellos como pode ser Ceredo, Forcarei ou incluso ca capital, con Pontevedra, que é moi utilizado polos nosos veciños. Á parte de ser ou de ter unha alta densidade tamén as características da vía pois fan aconsellable que se tome en consideración levar a cabo esta actuación xa que, pois, goza pois neste último tramo dun dobre carril de subida que fai que os vehículos pois vaian a unha maior velocidade pero á parte tamén esto pois fai que circulen por ela moitos camións e moitos tractores i vehículos agrícolas, xa que hai outros viales que están totalmente intransitables, i polo tanto pois entendemos que a actuación que hoxe se trae aquí é unha actuación prioritaria por todas estas condicións. É certo que se está levando unha actuación de mellora da seguridade nesta estrada, que é a creación dunha rotonda de acceso ó cemiterio a pouco máis de quinientos metros da que estamos propoñendo agora mismo, i a verdad é que non entendemos por que a



pesar de ser unha reclamación dos veciños de fai tempo pois non se tuvo en conta no seu momento á hora de proxectar esta obra xa que á parte é unha obra que tería un moi baixo custo. Polo tanto, hoxe dende o Grupo Provincial do Partido Popular trasladamos a este plenario esta petición dos veciños, que como decimos leva anos reivindicando, e pedimos que reconsideren a posición manifestada nas Comisións Informativas i que se atendan estas peticións, lamentamos que se ausentara neste momento unha membro da Corporación e do Concello de Silleda i do goberno municipal de Silleda, que lle prometeu en reiteradas ocasións ós veciños a realización de esta actuación, pero como decimos esperamos que se reitere i esperamos polo menos contar co apoio do Grupo Socialista porque así llo manifestou ós veciños en reiteradas ocasións. E polo tanto, hoxe traemos para a súa discusión e o seu debate i por suposto para a súa aprobación, pois aprobar a dotación de beirarrúas na estrada EP-7201 no tramo de entrada ó núcleo de Silleda dende o cruce de acceso á parroquia de Toiriz ata a rotonda de acceso ó IES Pintor Colmeiro en ambos sentidos da circulación.

Sr. Agís Gómez.- Gracias Presidenta. Bueno, é bastante lamentable que nos acordemos sempre das obras cando se están abordando, ¿no?, parece que esta obra se inventou agora, que esta estrada leva así desde o último ano, pero esta estrada leva así moitos anos, ¿eh?, e nunca se acordaron. A moción, cada vez que traen unha moción a pleno a chapuza é maior, ¿no?. Empeza a ser raro o pleno no que non presentan unha destas mocións nas que piden cousas que xa están en marcha, ¿non?, Nigrán, logo Redondela, A Cañiza, Forcarei, Caldas, e hoxe pois toca Silleda, ¿non?, parece que traemos as nosas frustracións municipais ó pleno da Diputación para ver si optemos algunha ventaxa ¿no?. Porque non só é que unha vez más volten a solicitar obras que xa están na planificación do departamento de Infraestruturas, chegando coma sempre tarde e mal, senón que ademais, nesta ocasión, chegan a rastras, porque se quedan cortos nas súas demandas. Explícome, vostede presenta unha moción oportunista logo de que alguien lle contara que o alcalde estivo reunido alí hai un par de semanas cos técnicos da Deputación, falando do avance das obras, da nova rotonda que se está executando, que estamos, bueno, unha ambición compartida de executar unha senda que complete a mobilidade peonil en todo o fronte de Silleda, ¡que casualidade!, ¿verdá?, é evidente que vostede recibe un chivatazo de que estamos proxectando actuacións na estrada EP-7202 pero como non lle, o que lle leva o conto non lle conta toda a información ou lla conta sesgada, ¡eh!, e vostede redacta unha moción que é moito menos ambiciosa do que estamos proxectando. E dicir, vostede copia o exame pero o fai mal. Porque vén aquí cunha moción



redactada con criterios de puro contractualismo político que é absolutamente bochornosa pola falta de ambición, leo literalmente “aprobar dotación de beirarrúas na EP-7201 no tramo de estrada do núcleo de Silleda dende o cruce do acceso á parroquia de Toiriz ata a rotonda de acceso ó IES Pintor Colmeiro, en ambos sentidos de circulación”; para que se entenda ben vostedes proponen a construcción de aceras, exactamente de 430 metros de aceras entre o acceso de Toiriz e a rotonda do Instituto. Pois ben, deberían vostedes saber que dende hai seis anos nesta administración se traballa cun modelo de mobilidade integral, inclusiva na que non se diseñan xa beirarrúas con bordillos, con losetas senón sendas peonís, é dicir, vostede para o seu pobo confórmase cunha acera das de antes mentras esta administración está a proxectar sendas de máis de dous metros e medio de anchura que cumplen os máis altos estándares de accesibilidade. Moderníicense, adáptense. Ademais, si o día que foron a sacar alí a foto revisaran un pouquiño a obra da rotonda podrían ver como esta obra xa prevé as conexións entre o trazado futuro destas sendas, cuns anchos de dous e medio en toda, en toda eses enlaces con esta beirarrúa sin ningún tipo de barreira arquitectónica. ¿É casualidade que a rotonda xa deixe trazadas as embocaduras das futuras sendas? Chámase planificación e no marco desta planificación xa está acordado co concello o deseño e construcción das sendas que van non só dende o cruce de Toiriz á rotonda do Instituto como vostede reclama senón que continuarán ata a rotonda da gasolinera, 1,3 quilómetros de sendas peonís dende a nacional 525 ata o acceso de Toiriz. E vostede, vostede está pedindo nesta moción que construamos 430 metros de beirarrúas, de beirarrúas das de antes ¿eh?, mentras nós proxectamos un proxecto de sendas peonís accesibles en 1,3 quilómetros, tres veces máis do que vostedes piden nesta moción, que por certo, si tivera un mínimo de vergoña retiraría inmediatamente, estamos fartos de mocións oportunistas, de chivatazos e de mocións de última hora para intentar sacar rédito político ó traballo que se fai nesta Diputación, cando vostedes durante anos se olvidaron desta estrada de Silleda e da seguridade viaria. A gran obra de mellora de seguridade viaria na contorna do Centro de Saúde, do centro de maiores...

Sra. Presidenta.- Rematou o seu tempo Sr. Agís, logo terá vostede tres minutos si quere engadir cousas pero temos que ser absolutamente respectuosos cos tempos. Ten tres minutos para a réplica.

Sr. Maril Pardo.- Si, vamos, bueno, realmente pois a contestación é un pouco a esperada, realmente a contestación que recibimos cada vez que traemos calquer



tipo de proposta a este plenario, siempre está proxectada, siempre está en vias, siempre está, pois en tramitación. Bien, si, realmente pois eu agradecería que así fose pero, ¿que pasa?, é certo que hai seis anos que cambiaron o modelo, pero é que a xente de alí leva máis de seis anos esperando pola actuación e nin está nin se lle espera. I si realmente a tuveran proxectada, si realmente a tivesen prevista o momento idóneo xa que estaban facendo pois a rotonda i toda a mellora de seguridade que vostedes venderon pois en xuño do ano pasado, deberían de haber incluído xa todas estas actuacións que hoxe nos vén a relatar e que nos vén a decir, i sobre todo que son actuacións comprometidas. Non é certo que nos haxamos olvidado deste tramo de estrada, nós estamos en contacto permanente cos veciños i estabanse levando a cabo pois determinadas conversacións co alcalde para que se trasladara á Diputación esta actuación i que se levase a cabo. O problema, inda que vostede di que nos, ou nos acusa pois de ser oportunistas, que despois falaremos deste tema, pero o problema, o realmente problema i o realmente lamentable en toda esta situación é que finalmente frente, mientras nós estabamos esperando a que o alcalde resolvese esta situación, pois o que nos trasladan os veciños é que lle están pedindo unha reunión desde fai meses e nin sequera os recibe, eso, eso é o realmente lamentable. I o lamentable é que dende hai anos que este proxectada esta actuación i que non se leve a cabo, porque estamos falando dun problema grave de seguridade. I o que si, pois, xa me parece increíble é que nos acuse, pois, de haber recibido un chivatazo, porque eso supón a existencia dalgún chivato, supono que nos dirá ou que nos intentará aclarar de dónde parte ese chivatazo, sobre todo porque si vostede di que hai dúas semanas que o alcalde estuvo reunido cos técnicos provinciales pódesele asegurar que as reunións que tuvemos cos veciños son moi anteriores a esas dúas semanas. Polo tanto ¿dígame usted de dónde parte o chivatazo? Usted pode vir aquí a intentar descalificarnos, a intentar descalificarme a min e descalificar ó noso grupo, pero non se preocupe porque os veciños saben a realidade de todo o que está pasando, das súas conversas co alcalde, de que non os está recibindo a pesar de que levan pedidas varias reunións e de que non se están atendendo as súas peticións i non nesta lexislatura na lexislatura pasada xa. Polo tanto, veña aquí a decirnos agora o que queira pero o certo é que aquí hai un problema grave i o que veñen ustedes agora é a intentar salvar a cara acusándonos de calquer cousa, dicíndonos que hai proxectos desde fai anos que van a facer actuacións moito más ambiciosas i acúsanos de non ser ambiciosos. Mire, Sr. Agís, eu realmente, a min despois de seis anos prometendo unha cousa que me faga unhas aceras, áinda que sean as más precarias do mundo para os veciños mellor do que están seguro que van a estar ...



Sra. Presidenta.- Finalizou o seu tempo Sr. Maril. Sr. Mosquera ten vostede a palabra, voulle a dar os dous minutos de peche, perdón lle vou a dar os tres minutos, que pechar pecha o Sr. Maril, ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Bueno, me parece que se criticou que saíra a mexar, bueno, dixéronmo, ¡eh!, eu non o escoitei, se cadra estou enganado, vamos, superior, xa, esto vai de, agora acaba de saír o Sr. Cubela, aquí vamos a ir controlando e criticando cada vez que sale, cada vez que sale un. Ben, hai unha cuestión que está clara, igual, vamos a ver, a inmensa maioría da rede provincial está absolutamente tranquilizada, está moito mellor xestionada do que estaba antes, asegúrollo e son datos obxectivos, vale, e ustedes queren estar continuamente, dicir no, non vaia a ser que vaia ben, non vaia a ser que as estradas provinciais estean mellor e á parte se leven as cousas ben, entoncés cada vez nos traen unha moción o pleno sempre nunha clave que é estritamente interna de cada concello, isto esta aquí desde o ano 16, todo elemento de urbanización só se fai con convenio co concello, polo tanto esta Diputación non vai a facer ningún beirarrúa, nin senda, nin meter tubos, nin iluminación todo elemento de iluminación que non sexa en convenio co concello. Entoncés será un problema do concello, será un problema si o alcalde xestionou, si aquí se xestionou, senón se xestionou, pero non é un problema deste pleno porque a resposta é fácil, é fácil, por eso sempre traen, é curioso, sempre traen en concellos nos que non gobernan, ¡sempre! As mocións deste tipo tráenlas de concellos que non gobernan non as traen dos concellos nos que gobernan, porque meterían nun compromiso ó seu goberno que ten que xestionar coa Diputación e se lle fará nas mesmas condicións co resto. Entoncés, quero dicir, resulta que nos seus concellos non hai casos destos, ¡claro que hai!, pero sempre en Redondela, non sei que, onde non gobernan para decir é que hai, é que entoncés que o faga a Diputación, entoncés que salte as normas para cumplir, non, mire, a vía esa, a moción esa preséntela no concello, que a presente no Concello de Silleda que o concello negocie con Diputación as solucións que está negociando, por certo, curiosamente sempre as presentan tamén que está, que está negociando, e agardo para outra vez ter a súa benia para ir a mexar.

Sra. Presidenta.- (*Non se escucha. Tempo 01:05:10.00...)* ... Ten a palabra Sr. Agís.

Sr. Agís Gómez.- Grazas Presidenta. Bueno, Sr. Maril se descalifica vostede coa moción ¿eh? non o descalifico eu, e a xente de alí non se preocupe pola xente que



a xente ve perfectamente a evolución dos 40 anos do PP, do que se fixo, do que agora se fixo en tan só 6 anos. A diferenza é notable Mellora da seguridade viaria na EP-6509 (Escudro-Silleda), solucionando a inseguridade viaria que o PP deixou cunhas cunetas inservibles, afrontamos ademais un proxecto moi importante de 600.000 euros para mellorar a mobilidade peonil na EP-6518 no tramo fronte á nova residencia, pavimentamos a EP-7201 que vai a Cachafeiro, arranxamos a cargo do Plan DepoRemse toda a calle fronte ó Centro de saúde, o Cuartel da Garda Civil, Silleda participou no MÓVESE, programas de calmado de tráfico, fixemos conxuntamente un plan de mobilidade urbana sostible sen esquecer tampouco as propias labores de cooperación, Plan Concellos que permitiu pavimentar estradas, actuacións municipais de todo tipo, quero decir, a xente dáse conta perfectamente das actuacións que fan vostedes en 40 anos e de que en tan só en 6 anos fai esta Diputación, a diferenza é absolutamente abismal. Ademais nese entorno hai un proxecto de camiño escolar seguro ó Instituto de ensino secundario Pintor Colmeiro e como vostede sabe tamén a gran obra que se está facendo de rotonda nese entorno de mellora que está perfectamente planificada e que está perfectamente articulada con estas beirarrúas que vostede solicita de maneira vaga, incompleta, insuficiente, nós dende aquí, dende a Diputación somos infinitamente más ambiciosos que vostede e por suposto o governo de Silleda tamén é infinitamente más ambicioso que vostedes, polo menos piden bastante más e acordamos bastante más do que vostede solicita aquí. Un consello, debería tramitar, debería traballar máis seriamente o seu papel de oposición de Silleda, traer propostas más construtivas e lle vou a dar unha serie de ideas; trámite este tipo de iniciativas nos viales da Xunta, jeh! que están completamente abandonados, completamente olvidados pola Xunta de Galicia, con problemas no propio asfalto, mire, lle vou a recomendar, saíndo da rotunda as obras, en obras que chega ata Laro, a estrada, esa estrada autonómica está bastante deficiente, é unha carretera propiedade da Xunta na que non hai tampouco ningunha previsión de actuar. Manteña o nivel de esixencia que ten con esta Diputación, que está actuando no só nese entorno senón en todo Silleda, manteña ese nivel de esixencia coa Xunta de Galicia e fará un traballo de oposición moito más construtivo e valorado do que está facendo actualmente traendo aquí os problemas municipais ...

Sra. Presidenta.- Rematou o seu tempo Sr. Agís. Ten dous minutos para pechar o debate Sr. Maril.



Sr. Maril Pardo.- O de saír non era por usted, que encontrábase un membro da Corporación de Silleda presente no público, e polo tanto, era simplemente pois en esa, en esa relación. En calquer caso, oiga, por min pode vostede saír cando queira, áinda que sabemos que é difícil que vostede o faga despois de 30 anos, pero bueno non é a cuestión que nos ocupa agora senón que estamos noutros problemas dos veciños de Silleda que son bastante máis importantes. Di que só se fai a facer co Convenio de Silleda, nós esperabamos durante estes anos no que os veciños estuveron demandando esta actuación pois que se houbera feito ese convenio e que se houbera traído; o problema é que cando o alcalde non recibe ós veciños e sendo membro da corporación desta Diputación ó final sendo un vial provincial entendemos que era axeitado traer esta proposta, porque é unha proposta necesaria para os veciños, i si o alcalde o final non a quere traer os veciños non se poden quedar solos nesta reivindicación. Dinos o Sr. Agís si esto é ambicioso ou non é ambicioso, o realmente ambicioso si están facendo a rotonda sería haber feito xa as sendas, sería haber feito xa as sendas, si tiñan tanta voluntade e si xa tiñan o proxecto feito porque non incluíron estas sendas no momento no que estaban facendo esa rotonda, o certo é que é ó final esa ambición a que demostra é a Diputación quen non a ten e realmente pois que non hai esa planificación xa que non ten ningún sentido volver agora a ter que licitar outra obra nesta historia. Pídenos, pois que seamos máis construtivos máis construtivos que intentar que se dote destas beirarrúas para os veciños pois a verdá é que non, non podemos ser. I realmente fálanos tamén de actuacións da Xunta, non sei si sabe que xa a Conselleira comprometeu esa actuación e así saiu en prensa co Alcalde de Silleda para realizar o reasfaltado e a mellora...

Sra. Presidenta.- Rematou o seu tempo. Simplemente porque eu creo que é de interés que os veciños saibam que non vamos a facer aceriñas, as aceriñas esas dun metro que facía Louzán e os anteriores presidentes desta Administración provincial van en contra de todas as medidas de mobilidade non do século XXI xa do século XX, polo tanto, hai un proxecto moi potente e que está redactado, acordado co Alcalde de Silleda en todo caso, Sr. Maril vostede que é un sillerense orgulloso de selo e que defende o seu pobo, o Sr. Louzán nin un euro en ningunha vía provincial, xamais os veciños se dirixiron a esta administración, é máis os veciños nos aplaudiron cando se fixo unha actuación impresionante nos centros dotacionais cun cambio radical de como era Silleda, desta rotonda, que si foi unha petición dos veciños e agora ese 1,3 quilómetros que se vai a facer unha senda de 2,5 metros, e, polo tanto, Sr. Maril váiase tranquilo, a obra que imos a facer é tres veces superior á que vostede plantexa e non con aceriñas, xa lle digo



eu que aceríñas non imos a facer nunca máis, ese modelo está absolutamente obsoleto. Onte ademais os invitamos a vir a coñecer os principios Agora, foi unha pena que non viñeran porque eu creo que a formación é fundamental, eu tampouco era nada esperta en estas cuestións de mobilidade, pero home, teño moito interés en aprender, agora coñezo os 10 principios, sei como se aplican, vostede que leva aquí xa máis de dous anos, pois nada lle vamos a remitir o decálogo do proxecto Agora para que vostede coñeza e as próximas mociones polo menos pida vostede cousas do século XXI e non cousas atrasadas do século XIX. Someto a votación esta moción. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeditada por 16 en contra e 11 a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, rexitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para aprobar a dotación de beirarrúas á EP-7201 á súa entrada no núcleo de Silleda ata a rotonda de acceso ao IES Pintor Colmeiro.

#### **9.7788.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sra. Presidenta.- Non hai asuntos fóra da orde do día, polo tanto paso á parte de información e control.

Non houbo.

##### **b) Parte de información e control:**

#### **10.7789.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2022 (EXPTEs. 2022025287-2022023313)**

Sra. Presidenta.- No punto 10. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2022. Si non hai observacións dou por enterado o Pleno.

Sra. Presidenta.- No punto 10. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente o mes de marzo de 2022. Si non hai observacións, dou por enterado o pleno.



A Intervención con data 11 de abril de 2022, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de marzo de 2022, onde se deixá constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de marzo de 2022 que se expón a continuación:

#### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEORES MARZO 2022

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Marzo	11,3737912129	3.391.682,86	4,7084423456	1.066.948,39	<b>9,7787763206</b>

Escola de Enfermería	Marzo	7,0689485348	9.827,62	0,0000000000	0,00	<b>7,0689485348</b>
----------------------	-------	--------------	----------	--------------	------	---------------------

Consorcio de Incendios e	Marzo	20,5631939500	28.551,23	17,0494219758	20.600,35	<b>19,0905061445</b>
--------------------------	-------	---------------	-----------	---------------	-----------	----------------------



Salvamento						
------------	--	--	--	--	--	--

Consorcio Deza Tabeirós	Marzo	8,2022902300	5.704,23	17,6137882000	7.091,55	<b>13,4182370835</b>
-------------------------------	-------	--------------	----------	---------------	----------	----------------------

<b>TOTAL</b>		<b>3.435.765,94</b>		<b>1.094.640,29</b>	<b>9,8842028079</b>
--------------	--	---------------------	--	---------------------	---------------------

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 22 de abril de 2022 quedou enterada do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

11.7790.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 1º TRIMESTRE DE 2022 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNIS COMERCIAIS (EXPTEs. 2022025288-2022024025)**

Sra. Presidenta.- No punto 11. Dar conta do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 1º trimestre de 2022, dos prazos de pagos de obrigas en



relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Si non hai ningunha observación dou por enterado o Pleno.

Sra. Presidenta.- No punto 11. Dar conta do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 1º trimestre de 2022, dos prazos de pagos de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establece medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Si non hai ningunha observación, dou por enterado o pleno.

A Intervención con data 19 de abril de 2022, elaborou un informe dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e o Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o primeiro trimestre do 2022, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixá constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita Lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 1º trimestre de 2022, que se expón a continuación:

## **INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022**

1. Con referencia á data de conformidade da factura:



## ➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	10	2.593	9.071.397,74 €	45	110.447,20 €
Escola de Enfermería	9	10	14.441,40 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	25	52	36.951,93 €	15	25.220,91 €
Consorcio Deza e Tabeirós	12	58	25.544,11 €	2	97,74 €

## ➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	4	222	1.481.782,93 €	10	7.363,43 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	18	29	20.711,33 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	18	19	7.091,55 €	0	0,00 €

## 2. Intereses de demora pagados:

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluir que se cumple co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 22 de abril de 2022 tivo coñecemento do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, durante o primeiro trimestre de 2022, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda



enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o primeiro trimestre de 2022.

#### **12.7791.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNNS PRESIDENCIAIS**

Sra. Presidenta.- No punto 12. Dar conta das Resoluciónns Presidenciais. Non hai observacións, dou por enterado o Pleno.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resoluciónns Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 22 de marzo e 25 de abril de 2022.

#### **13.7792- ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Rogos e preguntas.

Sr. Maril Pardo.- Antes de nada, levo un ano nada máis pero bueno, creo que estoume poñendo bastante ó día, de feito, creo que fago hoxe, cumpro hoxe o ano de estar nesta Deputación. Entonces, nada, fagan o que queiran pero fágano por favor porque os veciños estanlllo demandando. Queríamos preguntar en relación co ReacPon de Forcarei, ¿que proxecto foi valorado para a súa concesión, si foi o proxecto con data de xuño 2021 ou o de setembro de 2021? Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Contestaremos por escrito. ¿Máis preguntas ou rogos? Ten a palabra Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Es para hacer un ruego, que se nos informe a poder ser del grado de implantación del teletrabajo, del número de personas que han solicitado esta modalidad de trabajo desde la aprobación del reglamento por este Pleno, número de personas a las que se le ha concedido y medios económicos efectivamente destinados al teletrabajo, adquisición de equipos y herramientas para ello. Muchas gracias.



Sra. Presidenta.- Entendo que é unha pregunta, porque si é un rogo sabe vostede que non temos porque darré esa información, entendo que solicita a información, lla remitiremos por escrito. ¿Algún rogo ou pregunta máis?

Sr. Rodal Almuíña.- Bos días. Simplemente era comentar que, este rogo é que a través do Plan Concellos de 2016 creouse en Baiona o primer balneario “O Talaso” con auga do mar municipal totalmente gratuito, estivo en funcionamento no verano do 2019 e ata o de agora está abandonado e sin funcionar, entón quería que a Deputación de Pontevedra, xa que ese balneario fíxose cos cartos dos pontevedreses e co orzamento da Deputación, mediase e supervisase para que volvese a funcionar. Tamén quería decir que xa fixen esa petición a esta Deputación no verano de 2020 e non houbo contestación pola Deputación de Pontevedra. Gracias.

Sra. Presidenta.- Evidentemente, nin houbo nin vai haber porque nós respectamos a autonomía local, eso é unha cuestión exclusivamente municipal e home xa o que nos faltaba era que os debates dos concellos tamén os trasladáramos aquí, e que a Deputación de Pontevedra agora vaia a ter como competencia esixirlle aos concellos cuestións que son da súa competencia. Non o facemos con ningún, cos do PP tampouco, Sr. Rodal así que abandone a idea de que nós imos a involucrarnos en cuestións que son competencia dos concellos, faltaría más que tiveramos tan pouca falta de respecto ós concellos. Ben, rematado todos os asuntos da orde do día se levanta o Pleno, non, se levanta a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

